

TERESA DE CALCUTA

Agnes Gonxha Bojaxhiu naceu en Skopie (Macedonia do Norte) en 1910. Aos dezaioito anos descobre a súa vocación relixiosa. Viaxou a Irlanda para aprender inglés e, na abadía de Loreto, admitírona como postulante. Como quería ser misioneira na India, embarcou cara a Calcuta, onde cursou estudos de Maxisterio e elixiu o nome de Teresa para profesar.

Xa convertida en irmá Teresa, durante os seus primeiros anos ensinou Xeografía e Historia no convento de Loreto, do que chegou a ser directora. Un día de 1949 decidiu abandonar os muros da casa da súa congregación para acudir aos “buracos negros” da cidade de Calcuta na busca de persoas necesitadas. Nun primeiro momento a súa tarefa consistiu en recoller as persoas agonizantes para axudarlles a ter unha morte digna; despois foron os gafos, para os que conseguiu organizar un centro de reinserción social e, en terceiro lugar, os milleiros e milleiros de crianzas abandonadas.

O 7 de outubro de 1950 aquela monxa que abandonou o hábito das irmás de Loreto para vestir un sari branco con liñas azuis, recibiu a autorización do Vaticano para crear a súa propia congregación. Nacían así as Misioneras da Caridade, congregación que sumaba aos tres votos tradicionais (pobreza, castidade e obediencia) un cuarto voto: dedicarse totalmente ás persoas necesitadas. Daquela eran só un grupo reducido de trece mulleres, con escasos recursos e unha excepcional forza de vontade.

Dous anos despois inaugurábase o primeiro fogar gratuíto para persoas moribundas en Calcuta, coñecido como *Kalighat*, onde se acollía ás persoas desafiuzadas por falla de medios e que desexaban morrer en paz e con dignidade.

A esta fundación seguírona outras como o centro *Shanti Nagar* para gafos, o *Hogar del Niño del Inmaculado Corazón* para crianzas abandonadas, centros médicos, hospicios e orfanatos.

A súa fama estendeuse por todo o mundo, chamando a atención de personaxes ricos e influíntes que non dubidaron en aportar cartos á causa das misioneras. Así, décadas despois, as Misioneras da Caridade chegaran a máis de cen países e crearan máis de catrocentos centros en todo o mundo.

No ano 1979 Teresa de Calcuta foi galardoada co Premio Nobel da Paz polo traballo emprendido na loita por superar a pobreza e a agonía, que tamén constitúen unha ameaza para a paz. Madre Teresa non asistiu ao banquete cerimonial ofrecido ás persoas premiadas e pediu que os fondos de 192.000 dólares se entregasen ás persoas pobres da India.

A súa vida apagouse o 5 de setembro de 1997. Tivo un funeral de Estado.

No ano 2016 o Papa Francisco elevouna aos altares.

Verónica Lago Alonso

4º ESO B